

Mediante Resolución de Alcaldía nº 349/2011, do 3 de xuño, aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal, na modalidade de “obra ou servicio determinado”, de 4 prazas de socorristas durante 2 meses e medio de duración (duración prevista desde o 27 de xuño ata o 11 de setembro de 2.011).

Transcorrido o prazo de 5 días naturais a contar dende a publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e no xornal “La Voz de Galicia” e na web do Concello, ditouse resolución de Alcaldía nº 403/2011 do 20 de xuño, pola que se procedeu a aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos sendo esta publicada no taboleiro de anuncios e na web do Concello ([www.concello-cabana.com](http://www.concello-cabana.com))

Con data de 20 de xuño de 2.011 ás 12:00 reuniuse o tribunal de selección co obxecto de valorar as probas prácticas e os méritos achegados polos aspirantes de conformidade co previsto nas bases de selección de todo o cal extendeuse a oportuna acta polo Secretario do Tribunal.

Como resultado da valoración das citadas probas e méritos, o tribunal de selección por unanimidade dos seus membros acordou propoñer adxudicar as catro prazas de socorrista a D. Guillermo Cabezas Rodríguez, D. Adrian López Agra, Dona Helena Macías Montáns e D. Juan Miguel Rama Amigo, quedando D. Alberto Carballo Camino e D. Jorge Muiño Montes como suplentes ante posibles renuncias ou baixas que se poideran producir, pola orde de puntuación obtida.

Visto que segundo a base undécima punto 1 os aspirantes propostos tiñan que presentar nun prazo máximo de 3 días hábiles contados a partir da publicación no taboleiro de anuncios do concello a documentación sinalada na citada base.

Visto igualmente que no citado prazo únicamente D<sup>a</sup>. Helena Macías Montáns e D. Guillermo A. Cabezas Rodríguez, presentaron no citado prazo a documentación requirida, mentres que D. Adrián López Agra e D. Juan Miguel Rama Amigo non procederon a cumprimentar o citado requisito, remitindo este último con data de 24 de xuño de 2.011, fax a este concello renunciando ao citado posto.

Tendo en conta as competencias que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Nomear para as catro prazas de socorristas nas praias do Concello de Cabana contratados mediante contrato laboral temporal, aos seguintes aspirantes:

- D<sup>a</sup>. Helena Macías Montáns con D.N.I nº 79.342.384-C
- D. Guillermo A. Cabezas Rodríguez con D.N.I nº 32.814.549-N

**SEGUNDO:** Procedase á formalización do correspondente contrato laboral, así como a realizar os restantes trámites necesarios ante a Seguridade Social, que resulten necesarios de conformidade coa normativa vixente.

**TERCEIRO:** Á vista da non presentación da documentación no prazo concedido de dous dos aspirantes propostos polo tribunal e de conformidade co acordado polo mesmo e de conformidade coas bases de selección conceder un prazo de 3 días hábiles a contar a partir da publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios e na web do Concello para que presenten ante o rexistro xeral do Concello, a documentación esixida no punto undécimo das bases os seguintes aspirantes:

- D. Alberto Carballo Camiño.
- D. Jorge Muiño Montes.

**CUARTO:** Dar traslado da presente aos servizos de Tesourería do Concello.